

CUADRANTE



O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA

D. RAMÓN E CUNQUEIRO

VALLE-INCLÁN Y LA CENSURA PRIMORRIVERISTA

A RÚA NOVA: CRÓNICA FAMILIAR (II)

LUCTUOSA

VALLE EN EDIMBURGO

Nº 8

60 Amigos
Valle-Inclán

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA

D. RAMÓN E CUNQUEIRO

VALLE Y LA CENSURA PRIMORRIVERISTA

A RÚA NOVA: CRÓNICA FAMILIAR (II)

LUCTUOSA

VALLE EN EDIMBURGO



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
Xaneiro 2004

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de redacción:

Víctor Viana

Consello de Redacción:

Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:

Nieves Loperena

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

SUMARIO:

X. L. Axeitos

O valleinclanismo

na cultura galega (I)..... pax. 5

Cesar Cunqueiro

Don Ramón María del Valle-Inclán

e Álvaro Cunqueiro pax. 20

Antonio Espejo

Valle-Inclán y la censura

primorriverista pax. 25

Gonzalo Allegue

A Rúa Nova: crónica familiar (II)..... pax. 37

Xosé Lois Vila Fariña

Luctuosa: sobre los hermanos

desconocidos de Valle..... pax. 45

Carmen Viana e Víctor Viana

Valle-Inclán en el

Festival de Edimburgo pax 48

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



DON RAMÓN MARÍA DEL VALLE-INCLÁN E ÁLVARO CUNQUEIRO

ENCUENTROS.- OPINIÓNS E ESCRITOS DE ÁLVARO CUNQUEIRO
SOBRE DON RAMÓN E A SÚA OBRA LITERARIA

Cesar Cunqueiro

Gonzalo Allegue, director da revista Cuadrante, propúxome escribir unhas notas sobre o tema que encabeza estas liñas, tendo en conta a cativa ou máis ben nula bibliografía sobre o mesmo. Notas que susciten posteriores aportacións que pouco a pouco vaian arriquecendo o tema.

Cumpro así co encargo sen outra ambición que abrir o camiño inicial que posibilibite a aparición de novas informacións que, ao meu modo de ver, só poden proceder dun despoxo sistemático da inmensa obra articulística de Cunqueiro e, por outra banda, das lembranzas das persoas cada vez máis escasas, por razóns de vida, que tiveron relación con Cunqueiro e que puideron escoitar as súas opinións sobre don Ramón del Valle-Inclán.

Outra perspectiva, naturalmente, é a posíbel influencia da obra literaria de don Ramón na obra de Cunqueiro, tema que aquí non se aborda.

Teño que agradecer a don Francisco Armesto Faginas, periodista, escritor e biógrafo de Álvaro Cunqueiro, a entrega de artigos periodísticos nos que Cunqueiro aludiu ou escribiu sobre Valle-Inclán, e ao fraternal amigo da familia, don Francisco Fernández del Riego, as longas conversacións nas que debullou as súas lembranzas dos anos trinta en Santiago de Compostela. Sen eles estas modestas notas non terían sido posibles.

DON RAMÓN MARÍA DEL VALLE-INCLÁN NA VIDA DE ÁLVARO CUNQUEIRO

Don Ramón chegou no ano 1935 a Santiago de Compostela ferido fatalmente da enfermidade da que morrería no ano 36. Cunqueiro, e debo a información ao querido amigo, desgraciadamente xa finado, don Dionisio Gamallo Fierros, coñeceu persoalmente a Valle-Inclán no ano 35 cando en unión de Dionisio se presentou no domicilio de

don Ramón: saudouno coma parente. Efectivamente este parentesco existe. A avoa paterna de Álvaro Cunqueiro, dona Carmen Montenegro Borcino, era curmá da nai de don Ramón, que se apelidaba Peña Montenegro. Cunqueiro publicara xa toda a súa obra poética anterior á Guerra Civil e era entón un mozo de vintecatro anos que estudiaba Filosofía e Letras en Santiago de Compostela.

Nesa visita don Ramón estaba a ler nunha edición bilingüe (das que se tradu-

cen palabra por palabra) a *Guerra das Galias* de Xulio César e seguía nun mapa os movementos das lexións e das tribus galas. Cunqueiro, impetuosamente, espetoulle a don Ramón: «Yo sé mucho más latín que usted y no necesito versiones bilingües». É sorprendente que don Ramón, que tiña un carácter irascíbel, non reaccionara e, cando marchou Cunqueiro, preguntoulle a Dionisio: «¿Quién es ese mozo impertinente que dice ser mi pariente? ¿Cree usted que sabe más latín que yo?» Dionisio respostoulle que el cría que sabía menos ca don Ramón e algo máis que o propio Dionisio. De todos xeitos, engadiu, saberíase pronto pois íase examinar con Moralejo de latín. O exame deu un resultado negativo sobre as capacidades latinas de Cunqueiro xa que suspendeu, e Moralejo díxolle que un poeta coma el tiña que ter unha boa formación nos clásicos latinos.

Penso que non houbo outra relación persoal con Valle-Inclán. Éste, que sufrira ataques dos radicais das «Irmandades da Fala» por non escribir en galego, e polo seu propio estado de saúde, non tiña maior interese en coñecer aos xoves escritores galegos, e estes admirábano a distancia pola súa obra e pola lenda da súa personalidade.


Don Ramón, en Compostela, tiña coma acompañante pola Ferradura ao pintor Maside e ao médico e futuro ensaísta, García Sabell, quen o tiña coñecido, probablemente, no sanatorio de Villar Iglesias, onde fora tratado da súa doenza.

A tertulia de don Ramón no café Derby non estaba composta por escrito-

res ou intelectuais, senón por profesionais entre os cales don Ramón desprezaba toda a súa maxia verbal. Por exemplo, na dita tertulia atopábase don Fernando Barros, en quen don Ramón tiña enorme confianza, ata o punto que se dicía que tiña no seu poder un orixinal inédito; o doutor Devesa, a quen coñecín con posterioridade en Santiago; o avogado don Santiso Girón e o veterinario Villar Petit. Moi amigos del en Santiago de Compostela eran persoas como don Victoriano García Martí e o señor Díaz de Rábago, é dicir, xente da Pobra, de onde era orixinario o pai de don Ramón.

Os xoves escritores e artistas admirábano, como digo, a distancia e, nas súas propias tertulias no Derby e no Español, prestaban tamén atención á tertulia próxima de don Ramón. O carácter non fácil do noso autor, e mesmo violento se se lle levaba a contraria, queda de manifesto na seguinte anécdota que me contou don Francisco Fernández del Riego. Estaba don Ramón un día no Derby e falaba do desove dos salmóns no río Ulla. Era, ao parecer, unha peza literaria brillantísima pero escasamente científica. O veterinario Villar Petit opuxo obxeccións científicas desmontando a exposición de don Ramón. Entón, don Ramón ergueuse irado, colleu unha cadeira e ameazou ao contradictor dicíndolle co seu ceceo: «Le voy a dar una patada en el mismísimo coño». A tertulia interrompeuse e reanudouse logo no café Español, xa coa ausencia do infeliz veterinario.

A atención que prestaban os mozos galeguistas á tertulia de don Ramón po-



Álvaro Cunqueiro preparando as cartas do Tarot.

demos vela tamén nun artigo publicado por Álvaro Cunqueiro en febreiro de 1980 na revista *Sábado Gráfico*. Escribe Cunqueiro que nun café compostelán falaba don Ramón, no derradeiro ano da súa vida, máis aínda vivo o xenio e o enxeño, de Afganistán e dos cans afgáns. «Todo eso lo he inventado yo, hace veinte años» e describiu o país, Kabul e os cans de alá con inusitada precisión, anque probabelmente, engade Cunqueiro, nunca tivese lido unha xeografía nengunha historia de Afganistán, nin ollase xamais un can afgán; e segue dicindo que durante unha longa hora falou don Ramón das mañás azuis de inverno, alá na vecindade do teito do mundo, e dos solpores vermellos do verán que avermellaban por varias semanas os rostros dos naturais.

Lembro agora unha nota manuscrita que se desprende un día como folla de

outono dun exemplar da primeira edición de *Mar ao Norte*. Nesa nota dicía Cunqueiro: «este mar lo he inventado yo» e engadía unha data precisa.

Nun artigo publicado no *Faro de Vigo* o 6 de decembro de 1952 escribe Cunqueiro sobre un encontro con don Ramón María del Valle-Inclán, encontro que evidentemente non foi máis que literario. «Yo cruzaba bajo el sol, rapazuelo aún, aquella plaza del mercado yendo hacia la casa de mi tía abuela doña Concha Montenegro, donde una tarde, que se aposentó en mi imaginación para siempre, me encontré en la suave penumbra de la sala a mi señor tío don Ramón María del Valle-Inclán con la gran barba de plata dormida, como una mañana, en el remanso de su pecho. Me hizo acercarme a él y posó su mano sobre mi cabeza mientras contaba, no recuerdo qué historia familiar: Una mano

como una pluma de un ave tibia y sonora». E remataba cunha interrogación rilkeana: «¿Llegaré yo a escribir algún día algo que conceda algún significado a aquella noble e incomparable mano sobre mi testa moza?» A beleza do texto no agacha o carácter puramente literario do encontro con don Ramón.

Noutro artigo publicado en *El Pueblo Gallego* o 1 de agosto de 1935 escribe nestes termos de don Ramón: «A súa efíxe ou maravilla, o seu ser profundo e visionario, a paixón i-a sorriso da súa voz de miragre, a humidade e sinxeleza do seu corazón non teñen par entre as xentes que levan nacido de familia galega. Tanto saber ou sentir de historia como en Paulo Orosio, tanta canzón como en Meogo... Tantos mundos ou políticas como en Xelmírez i-aínda ise ceñido ar, pantástico, ise frescor, isa ilusión do gran celta fan diste señor algo imperial...». E pide un pazo para el, pois non hai gran señor sen pazo, no que velaría don Ramón con «dobre espada, pruma de ciño ou neve que só a morte quebrará famosa». Alí haberá unha festa e aos invitados «estenderáselles a man levián, transparente i-esgrevia de sangues antigos» e fala da palidez de augur do seu rostro de prata. Remata así: «Alguén lle dirá este día a aqúeste señor e príncipe como os da familia de nazón galega o queremos guardar para sempre, alma ou sono entre nos, por contento dos ollos, goce dos ouvidos i-amor do corazón».

Esta fascinación pola figura valleinclanesca concorda co manifestado ao autor destas liñas por don Francisco

Fernández del Riego. A admiración dos mozos, escritores e artistas pola obra de don Ramón, mais tamén pola súa lenda viva na que a súa figura era pilar central.

Nun artigo moi curioso publicado en *Grial*, (tomo IV, 1966, número 513), reseñando un libro de André Barbault sobre o signo zodiacal Escorpión aplica a don Ramón «o meu señor tío» as análises do francés.

E di Cunqueiro: «nado don Ramón o 28 de outubro de 1866 baixo o signo de Escorpión ascendente Escorpión co Sol en Saxitario pero con claras posicións influenciante en Cáncer e Piscis» resulta en don Ramón «un sentimento de independencia, indisciplina funcional, fondo anxeio de liberdade, xenerosidade de corpo e de espírito». Pasións dramáticas e que, ao mesmo tempo, tenden a un mundo de paz. Por Cáncer enriquecese o complexo horoscópico de Valle-Inclán «co seu senso de valores noctébreos, intuición, magnetismo, atractivo, creación». No resto do artigo, interesantísimo, fala do lugar común de citar a Barbey D'Aurevilly a propósito da primeira época de don Ramón. Lembra a traída a colación de Picasso e o cubismo a propósito dos esperpentos e a cita de don Ramón sobre o surrealismo como fiestra para a súa estética. E remata escribindo da superación por don Ramón de certas características impostas polo seu horóscopo que marcaron as primeiras obras «*Côté artificiel*, dandysmo, preciosidade, gusto da sorpresa», superación debida á influencia de Saturno e Urano en Escorpión que «prometen madurez fecunda, un intenso po-

der de penetración, unha sorprendente capacidade de cambio e metamorfose».

Nas longas conversas mantidas co meu pai ao longo dos anos e nas que expuña as súas opinións literarias sobre unha gran variedade de escritores non lembro nada especialmente relevante sobre a obra valleinclanesca. Nin o mesmo don Francisco del Riego lembra nada especial fóra da admiración xenérica sobre don Ramón. Canto a artigos escritos na prensa, amais de entrevistas nas que se conteñen afirmacións xerais que cualifican a aquel como un dos grandes escritores do século, teño á vista dúas reseñas proporcionadas por don Francisco Armesto: unha en *Grial*, asinada co L de Labrada, na que se comenta o discurso de ingreso na Academia Española do profesor Alonso Zamora Vicente «Asedio a *Luces de Bohemia*, primer esperpento de don Ramón del Valle-Inclán» e na que refrenda as conclusións do profesor.

A outra reseña no *Faro de Vigo*, comenta a representación en Castrelos de *Divinas Palabras* baixo a dirección de Tamayo. Considera a esta traxicomedia de aldea coma unha das obras teatrais

máis importantes do século. «Qué gran hombre de teatro el genial escritor».

Noutro artigo de *Faro de Vigo* de 29 de novembro de 1952 escribe sobre o río Umia que leva ao mar a terra do Salnés e di que para buscar o rostro profundo desta terra cómpre ir ás páxinas de Valle-Inclán. «El río paternal y augusto como una divinidad antigua se derrama en holganza, esmaltando el fondo de los prados». E continúa «que aínda parece levar o corpo de Eulalia»: «La luna marcaba un camino de luz sobre las aguas y la cabellera de Eulalia, deshecha ya, apareció dos veces flotando» e remata dicindo que, neste conto de Valle, Jacobo é coma un Hamlet amatorio e Eulalia unha Eloísa apaixonada e esmorecente.

Con estas breves notas cumpro o encargo do director de *Cuadrante*. Espero que xurdan colaboracións enriquecendo o espazo.

Pola miña parte, co permiso do querido amigo Gonzalo Allegue, comprométome a novas notas en futuros números da Revista dando noticia dos achádegos que resulten do exame dos artigos e colaboracións periódicas de Álvaro Cunqueiro.

La Camelia

XL Concurso - Exposición Internacional de la Camelia

Palacio Provincial de Pontevedra 28 - 29 Febrero 2004



Organiza:

EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA






CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA



REPSOL
YPF



Asociación "Amigos de Valle-Inclán"

Servicio de Publicacións

**Solicitud de suscripción anual ó SERVICIO DE PUBLICACIÓNs
correspondente o ano 2004**

..... TÍTULOS:

Revista:

Cuadrante nº8 (Xaneiro 2004)

Cuadrante nº9 (Xullo 2004)

Libros:

JAVIER SERRANO: *El Arte del Elogio. Eduardo Gómez de Baquero, Andrenio, lector ideal de Ramón del Valle-Inclán*

VICTOR VIANA: *Los otros Valle*

Importe da suscripción a estas publicacións: 30 euros

(As publicacións enviaranse ó longo do ano conforme se publiquen)



Boletín de suscripción

SERVICIO DE PUBLICACIÓNs



- ☐ Desexo suscribirme ás publicacións do ano 2004 do Servicio de Publicacións da Asociación "Amigos de Valle-Inclán" polo importe de 30 euros (incluidos os gastos de envío)

Nome:

Enderezo:

Código Postal:.....Localidade

Provincia.....Teléfono

FORMA DE PAGO:


☐ Talón bancario ☐ xiro postal nº

☐ Domiciliación bancaria: Titular.....

Banco/Caixa:

Nº conta (20 díxitos):

Asinado:.....



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos